

táboa redonda

Coordina
Juan Soto

No eido da fala

A Xeración nós: Galeguismo e relixión

Con este título a editorial Galaxia publicou na colección Agra Aberta un importante ensaio, que fai o número catro, ó lado de: Sempre en Galiza, de Castelao; As Mocidades Galeguistas, de Arximiro Roxo; e para Comprendermos Galicia, de Xosé Chao. Terminouse de imprimir a finais do pasado outubro e ten por autor a Victorino Pérez Prieto, cura en exercicio da

diocese de Mondoñedo. Son preto de trescentas páxinas, incluído o limiar, as fontes, a bibliografía e o índice. Deseñou a cuberta M. Janeiro e non leva ilustracións. No seu canto pódese dicir que inxire unhas semblanzas líricas dos persoeiros estudados, entrecollidas de varios poetas.

Nicanor Rielo

Victorino naceu no Hospital de Origo, en terras leonesas do Camiño de Santiago o 18 de outubro de 1954. Xa de neno deixou a ponte do Paso Honroso e veuse a Galicia anque non como Suero de Quiñones. Cousas da vida en aparencia intranscendentes, e que a un lle lembran accidentalmente a diáspora de cara acó de astorganos e maragatos, algúns tan egrexios como Martínez Salazar, Marcelo Macías ou López Peláez. Logo de remata-lo bacharelato en Compostela, iniciou a carreira de arquitecto, que deixou axiña para optar polos estudos eclesiásticos, especializándose en teoloxía dogmática na Universidade Pontificia de Salamanca. A súa xuventude, vivida ó pé do mundo rural, comprometeuno con este apostolado, á beira dos máis desabastecidos, na montaña, na que fixou a súa residencia incluso antes de ordearse de crego. Foron varios anos os da comarca da Pastoriza, baixo os buzarrs montesios da Lagoa e de Cadavedo; agora baixou á Mariña luguesa, a escoita-lo ruxido do mar e o salto do peixe.

Decisión e entusiasmo son dúas características que o configuran. Non é sorprendente logo —di Chao Rego na presentación— que o pillasen os dous amores que aniñan nas súas visceras e que impulsan a súa nidia intelixencia: a fe cristiá, que o levou polos vieiros da clerecía, e a galeguidade, que o trae a bo traer polas aínda corredoiras dunha igrexa que anda a tatear en procura da palabra encarnada. Fíxose galego cos galegos e, aínda que aí está a realidade deste libro e o seu traballo de director e animador de *Irimia*, periódico de crentes galegos, a súa peregrinaxe non acaba senón de empezar, tratándose pois dunha esperanza que tanto promete polo que ten de xenerosa.

Abre o estudo cun apartado ou capítulo introductorio, no que analiza as circunstancias históricas, a circunstancia relixiosa e eclesial, e o nacemento e caracterización da Xeración Nós. Que constituirán unha xeración literaria xa o presentia o mesmo Risco no seu paradigmático ensaio *Nós, os inadapitados*, ó concretar: "Cando un no meu tempo dicía *nós*, non se refería endexamais ós da súa xeración, nin da súa clase, referíase decote a un pequeno agrupamento identificado no pensar e no facer, a unha escola, unha capela, un cenáculo". Son en efecto coetáneos os seus compoñentes, están instalados nun nivel histórico, todos colaboraron nas mesmas empresas culturais e políticas, e como os apóstoles en misión repartíronse o mundo galego nun compromiso *carismático*.

De todos é cousa sabida que o nome procede do famoso Album de debuxos que Castelao expuxo por varios pobos de Galicia e por Madrid o ano 1919. Se ben compre aclarar que en 1918 o xornal corués *El Noroeste* encetara



Victorino Pérez Prieto. Fíxose galego cos galegos

con este mesmo nome unhas páxinas galegas, que tiñan a particularidade de leva-lo título debuxado por Castelao, do que sería unha copia o elixido para a futura revista, na que cristalizou a obra cultural dos homes que a fundaron. O responsable da denominación *Xeración Nós* parece que foi Ramón Piñeiro, a quen non lle gustaba que toda esta xente fivese que desfilas baixo o rubro dun home concreto, de Risco, anque personalízase dalgún xeito o alumnado do grupo. Non convence a todos a adxetivación, pero é a de uso corrente.

En termos xerais a denominación resérvase para os persoeiros máis destacados, que son os que formaban o cenáculo ourensán, é dicir, Risco, Cuevillas e Otero Pedrayo, ós que máis tarde se agregou a figura de Castelao por ostentar-la dirección artística da publicación. E son estes consequentemente os catro autores que se analizan aquí. Nun dos puntos programáticos da revista di (Risco): "Os colaboradores poden ser o que lles pete, individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, intelectualistas ou racionalistas, poden ser ata clásicos, con tal de que poñan por enriba de todo o sentimento da

Terra e da Raza, a orgullosa satisfacción de seren galegos". Pero de feito a súa militancia cristiá vai a ser unha constante, coas lóxicas excepcións claro.

No estudo pormenorizado dos persoeiros, o primeiro posto e o número meirande de páxinas correspóndelle ó Patriarca das Letras Galegas, e non podía ser doutra maneira, pois quen coñece a súa obra, toda a súa produción, e para quen a analizou e para quen o tratou personalmente, o seu cristianismo, a máis de ser fondo e de estar ben fundamentado, é o que máis se achega ó xeito tradicional de ser cristián en Galicia, e non nos referimos con isto só ó xorne popular. Por algo xa aló polo ano 1923 a revista *Logos* ousaba afirmar que Otero era a máis rexa personalidade do catolicismo galego. ¿Cómo era a súa fe? Así a calibrou o bispo Araúxo: "Se non soupéramos de tódolos seus coñecementos históricos e teolóxicos, poderíamos afirmar que a súa fe era a dun neno, dun labrego da súa terra de Trasalba". O que en ocasións non lle impedía ser crítico coa igrexa institucional, como acontece coa novela autobiográfica *Arredor de sí*. O seu galeguismo apoiase no seu compromiso cristián, trabazón que non souperon

conxugar nin albiscar os cregos e os leigos pegados á xerarquía.

Vicente Risco casamente ocupa outra tanta extensión, pero a relixiosidade do autor da biografía do demo é máis difícil de examinar, de entrar e de abarcar. Home miúdo de corpo, abunda en contrastes, en contradicións, ¿non si? Bota a andar proxectos múltiples, é un entusiasta do budismo, é un neosófico, redescobre a fe cristiá, é un radical, é un místico, o seu nacionalismo nace da terra igual cás carpazas, hai un troco en moitos dos seus ideais, algúns tan subidos como o seu amor a Galicia como tal. Cando di que o catolicismo é unha relixión que a máis de sel-la verdadeira, a única, e por se-lo, a máis profunda das relixións, e polo tanto, a que máis adentro penetra na natureza humana, un entende que o seu pensamento é diáfano como a luz do día, e polo tanto a súa relixión é *conservadora e beata*, chea de medos, e tan *relixiosa*, que peca por exceso caendo na superstición. Esta é a conclusión, pero coido que o camiño espiritual de Risco ten algo de laberinto, o que significa que hai que profundizar moito máis nel, como noutros aspectos da súa obra.

Cuevillas só lle entretén ó

ensaista dezasete páxinas, e bastan. Chéganos co que del escribe Risco. [Que ben utiliza o bisturí no corpo dos demais! "Crete con afínco e devoto con fidelidade e coa tenacidade mesma con que se entregaba ó estudo, ou con que cumpría os deberes sociais e familiares, Cuevillas era un católico tradicional que tentaba ilustrar a súa crencia e a súa conducta". Consagrado de cheo á esculca da prehistoria, as súas incursións nas áreas do pensamento son escasas e non afondan. Defende a Curros cren-te, incluso máis aló da morte, porque o celanovés malla no pecado, e iso ten que ter perdón.

E Castelao pecha con honra o grupo, non en van constitúe con Rosalía o binomio dos máis altos representantes do país, chegando un e outro ata o máis entrañable do pobo, como símbolos da chamada que as xentes e a paisaxe lle piden a calquera galego. O teólogo Torres Queiruga tense ocupado da súa relixiosidade na revista *Grial*, Filgueira Valverde nas páxinas de *Encrucillada*, e pouco máis. Así como nos anteriores non había dúbidas sobre a súa militancia cristiá, en Castelao non é así. Hai entremedias unha vida axitada: a emigración, a rotura da guerra civil e o traballo activo no exilio, sen perder nunca o fio do nacionalismo ante as dúas Hespañas. A relixión está instalada no outro fronte, e por iso Castelao protesta e remou-quea. Para intuí-lo seu credo, máis que fixarse no que di, hai que acudir á súa arte, á súa plástica, ou abesulla-lo que se desprende dos seus comentarios artísticos e literarios. Algúns dubidan do seu cristianismo, polo menos en determinados momentos da súa vida. E nesta fervenza Victorino ve claro no seu universo relixioso. E termina resumindo: "Xunto á súa clara vinculación cristiá, nunca rota a pesar das críticas, atopamos un Castelao insatisfeito coa Igrexa que coñece, insatisfeito coa vivencia do cristianismo e a relixión que ve".

Retomando o subtítulo do libro, a conclusión sintetízase no epílogo cando di que o cristianismo e o nacionalismo son certamente os dous elementos fundamentais dos homes desta Xeración, a pesar da crise que fixeron nalgún en certos momentos da súa vida. Eles, e outros máis, aportan á Igrexa e á Teoloxía galega un espírito cristián e galego, a encarnación galega do cristianismo, como compromiso cunha Terra e cun Pobo. Estes homes atestiguan que se pode ser galeguista e cristián, porque entre ambos elementos non hai contradición, senón complementariedade.

Os primeiros pasos, os de Victorino, pasos de hermenauta e compilador, son os menos brillantes e os máis arduos, e estes están dados, éxito que hai que saudar agradecidos. Nembargantes o horizonte só acaba de asomar, e outros investigadores terán que sumarse ó labor, co fin de clarificar posturas, abrir encrucilladas e sentar principios, despendando sombras e tebras, que aínda quedan.